



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

Expediente: PCO.001.2022.00612

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONTRATA UNHA EDICIÓN DO CURSO
“INTERVENCIÓN SOCIAL CON PERSOAS CON CONDUCTAS ADICTIVAS (CÓD. 1447)”**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Logo de ver a proposta da Sección de Formación e o informe da Intervención de Fondos Provinciais,

RESOLVO:

1.- Aprobar a realización dunha edición do curso **“Intervención social con persoas con condutas adictivas (Cód. 1447)”** que cunha duración de 30 horas e para 30 prazas se impartirá durante o 2º semestre do ano 2022, mediante a modalidade semipresencial 30 horas (15 h presenciais + 15 h en liña).

2.- Contratar como empresa que impartirá o curso a:

Empresa - CIF	Total Orzamentado
Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) CIF: Q1569016G	3.157,50 €

3.- O importe orzamentado aboarase contra factura, por transferencia bancaria, unha vez realizado o servizo e despois do oportuno informe da Sección de Formación e da Intervención de Fondos Provinciais e imputaranse á aplicación orzamentaria 0720/92076/22799. Código de proxecto 2022.3.80010.001. RC 220220047230

4.- A adxudicataria actuará como encargada do tratamento, para tratar por conta da Deputación da Coruña que é a responsable, os seguintes datos de carácter persoal do alumnado: nome completo, DNI, teléfono, correo electrónico, posto de traballo, unidade e administración na que traballa.

5.- A adxudicataria utilizará os datos coa finalidade de xestionar as altas/baixas nas aplicacións de teleformación, impartir o curso ou rexistrar a participación no mesmo. En ningún caso poderá utilizalos para fins propios.

En todo caso deberá cumprir as cláusulas de protección de datos establecidas na Resolución de Presidencia núm. 35912/2020 do 12/11/2020 que se pode consultar na seguinte ligazón:

https://www.dacoruna.gal/files/8916/0527/1044/RP_35912-2020_-

CLAUSULAS DE PROTECCION DE PROTECCION DE DATOS 2.pdf